

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 20 de xuño de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acorda someter á participación do público o borrador do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.*

O día 13 de xuño de 2011 presentouse o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, como órgano consultivo de carácter colexiado da Administración pública galega, destinado a proporcionar un foro de debate e participación pública con respecto a aquelas iniciativas e actuacións que revistan incidencia sobre o eido ambiental, en que teñen representación a Administración e os colectivos ambientais, económicos, sociais, académicos e profesionais. Desde o día seguinte, o documento quedou á disposición do público na páxina web da Consellería do Medio Rural.

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia fórmulase como o instrumento de planificación, ordenación e xestión en rede dos lugares de importancia comunitaria (LIC) e das zonas de especial protección para as aves (ZEPA) de Galicia, dando cumprimento ás exixencias establecidas nas directivas europeas (Directiva 92/43/CEE, Directiva 2009/147/CE), así como na normativa estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001), co fin de asegurar o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna establecidas nos anexos II, IV e V da Directiva 92/43/CEE e no anexo I da Directiva 2009/147/CE.

Conforme o establecido no artigo 16.1 a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente,

**ACORDO:**

Abrir un período de participación do público ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia polo prazo dun mes, contado desde a publicación deste anuncio, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren directamente afectados por este plan poidan remitir observacións e opinións, mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural, San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao enderezo de correo electrónico [pdnatura2000.cmr.santiago@xunta.es](mailto:pdnatura2000.cmr.santiago@xunta.es)

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2011.

Ricardo García-Borregón Millán  
Director xeral de Conservación da Natureza